

- I. Os alumnos que na convocatoria de xuño ou se é o caso, tras a convocatoria extraordinaria de setembro obteñan avaliación positiva en todas as materias obterán o título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.
- II. Así mesmo, poderán obter o título os alumnos que unha vez realizadas as probas extraordinarias de setembro acaden avaliación negativa nunha ou dúas materias e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa, non lle impediu alcanzar as competencias básicas e os obxectivos de etapa
- III. Para os efectos de titulación computarase como unha única materia as suspensas de diferentes cursos que teñan a mesma denominación.
- IV. O alumnado que curse PDC obterá o título sempre que supere todos os ámbitos e materias que integran o programa. Así mesmo poderá obter o título sempre que, tendo superados os dous ámbitos, teña avaliación negativa nunha ou dúas materias e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente considere alcanzadas as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa.
- V. As decisións de titulación do alumnado con materias non superadas requirirán o acordo favorable da maioría simple do equipo docente, sempre que proceda plantexarse tal decisión de acordo cos criterios aprobados polo Claustro que se enumeran no apartado seguinte.
- VI. O Claustro de profesores do IES Rafael Puga Ramón, co fin de unificar criterios entre os distintos equipos docentes e actuar coa maior equidade á hora de decidir a titulación do alumnado, unha vez estudadas as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa, acorda non propoñer para a titulación aos alumnos que se atopen nalgunha das seguintes condicións:
 1. Que ao longo do 4º curso se producise unha situación de abandono en algunha das materias avaliadas negativamente, pois é claro que nesta situación o alumno non acadou polo menos as competencias básicas relativas a aprender a aprender e a autonomía e iniciativa persoal.Cando un profesor advirte que un alumno está a ter unha actitude claramente negativa cara á súa materia procederá a avisar ao tutor por escrito e de forma razoada. O tutor porá o feito en coñecemento dos pais, de xeito inmediato e tamén por escrito. De producirse tres avisos deste tipo ao longo do curso, considerarase que o alumno abandonou a materia.

2. Que entre as materias avaliadas negativamente se atopen ao mesmo tempo dúas de entre as seguintes: Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, dado que a natureza e o peso destas materias impiden que o alumno acade as competencias básicas e os obxectivos da etapa.
3. En ningún caso o equipo docente considerará propoñer para o título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria a alumnos que teñan tres materias avaliadas negativamente se non cumpren as condicións que seguen na súa totalidade:
 - a) Que o alumno se atope en condicións familiares ou persoais que a xuízo das tres cuartas partes dos membros da Xunta de Avaliación xustifiquen considerar a situación de excepcionalidade.
 - b) Que ás tres materias avaliadas negativamente non se sume a avaliación negativa dalgunha materia de cursos anteriores coa mesma denominación
 - c) Que a xuízo das tres cuartas partes dos membros da Xunta de Avaliación, co asesoramento do Departamento de Orientación, o feito de non titular prexudique gravemente ao alumno desde o punto de vista da súa evolución psicolóxica.